



PLANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.

Nº DE SESIÓN: 14/2018

CARÁCTER: Ordinario

ANUNCIO

Con data 26 de novembro de 2018, o Sr.Alcalde ditou resolución co tenor literal que se indica:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Convocar á Sesión Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o vindeiro xoves día 29 de novembro ás 20:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva:

1º.- Aprobación, se procede, de borradores das seguintes actas de sesións anteriores:

- Acta sesión extraordinaria nº 11, de 19 de outubro.
- Acta sesión ordinaria nº 12, de 25 de outubro.
- Acta sesión extraordinaria nº 13, de 8 de novembro.

2º.- Expediente 2560/2018. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de proposta da Alcaldía en funcións, de data 15/10/2018, para aprobación de crédito extraordinario nº 4/2018 (Modificación de créditos 23/2018) co obxecto da elaboración dun catálogo de procedementos administrativos e un proceso de mellora na Área de Urbanismo.

3º.- Expediente 2355/2018. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de proposta da Alcaldía, de data 19/11/2018, de aprobación de Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas do Concello de Tui (IAE).

4º.- Expediente 2996/2018. Ditame da Comisión Informativa de Ensino, Servizos Sociais,

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cultura, Turismo e Deportes, de proposta do Equipo de Goberno, de data 19/11/2018, de apoio ás peticións da Asociación de Nais e Pais Virxen da Rocha en relación á situación na que se atopa o CEP de Caldelas segundo escrito presentado con data 19/10/2018 (nº 9085).

5º.- Expediente 2959/2018. Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos de proposta do Equipo de Goberno, de data 16/11/2018, de instar ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública para executar o proxecto de desentullo da zona cero da explosión de material pirotécnico ocorrida en Paramos, mediante unha encomenda de xestión á empresa TRAGSA.

6º.- Expediente 1299/2018. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de proposta da Alcaldía, de data 19/11/2018, de concesión de bonificación do ICIO por obras en vivenda sita na rúa Cuenca, nº 37.

7º.- Expediente 555/2018. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de proposta da Alcaldía, de data 19/11/2018, de concesión de bonificación do ICIO por obras en vivenda sita na rúa San Telmo, nº 26.

8º.- Expediente 207/2017. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de proposta da Alcaldía, de data 19/11/2018, de concesión de bonificación do ICIO por obras en vivenda sita na rúa San Telmo, nº 17.

9º.- Expediente 2892/2018. Proposta da Alcaldía, de data 19/11/2018, de denegar a Construcciones Orega, S.L., a bonificación do 50% do ICIO correspondente as obras de Optimización enerxética do novo edificio xudicial de Tui sito na Praza de Galicia, s/n.

10º.- Expediente 2987/2018. Proposta de Alcaldía, de data 22/11/2018, de concesión de bonificación do ICIO (95%) a favor dos afectados pola explosión ocorrida en Paramos o pasado 23/05/2018.

11º.- Mocións de Urgencia.

B).- Actividade de control:

12º.- Disposicións de interese correspondentes aos meses de xuño, xullo, setembro e outubro.

13.- Dación de conta de resolucións de Alcaldía:

De nº 2018-813 de 19 /07/2018 a nº 2018-1043 de 20/09/2018.

De nº 2018-1044 de 21/09/2018 a nº 2018-1158 de 18/10/2018.

De nº 2018-1159 de 19/10/2018 a nº 2018-1310 de 21/11/2018.



14º.- Dación de conta execución trimestral orzamento 2º Trimestre orzamento 2018 ao abeiro da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

15º.- Dación de conta informe morosidade 2º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro da Lei 15/2010 e período medio de pago global a provedores (PMP) 2º Trimestre exercicio 2018 ao abeiro do Real Decreto 635/2014.

16º.- Dación de conta liñas fundamentais do Orzamento Xeral para o exercicio 2019.

C).- Rogos e preguntas:

17º.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO.-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO.- Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."

O que se comunica para coñecemento e efectos.

Tui, o alcalde, Carlos Vázquez Padín.

Documento asinado dixitalmente á marxe.